

26 de febreiro de 2008

*Abel Caballero e José Luis Méndez renovan “a máis próxima, leal e frutífera colaboración institucional”*

## Caixa Galicia presenta na cidade de Vigo a súa programación sociocultural para 2008

- *Vigo acollerá a finais de ano unha exposición única do colombiano Fernando Botero*
- *Caixa Galicia investirá en total 2,5 millóns de euros en actividades sociais e culturais en Vigo*
- *Maiores, deporte e medio ambiente serán os principais eixes da Obra Social Caixa Galicia na cidade*

O alcalde de Vigo, Abel Caballero, e o director xeral de Caixa Galicia, José Luis Méndez, renovaron esta mañá o convenio de colaboración entre as dúas entidades nun acto que tivo lugar na sede da Fundación Caixa Galicia en Vigo. Mediante este convenio a entidade financeira comprometeu un investimento de 900.000 euros en actividades culturais a desenvolver neste municipio en 2008, aos que a entidade sumará outro 1,588 millóns a través da súa Obra Social.

Vigo -“núcleo económico e social fundamental para Galicia e a maior cidade da comunidade, porto europeo íntima e historicamente vinculado á galeguidade transatlántica”, segundo o director xeral de Caixa Galicia- beneficiarase así dunha parte importante do investimento social e cultural da entidade, a terceira caixa española por dotación á súa obra benéfico social.

Ao acto, celebrado na sede da Fundación Caixa Galicia na rúa Policarpo Sanz, asistiron numerosos representantes da vida política, social, cultural e económica da cidade, que puideron coñecer, da man do director xeral de Caixa Galicia, os plans a desenvolver por esta entidade en Vigo.

Así, e acompañado de diferentes proxeccións audiovisuais, José Luis Méndez detallou as liñas estratéxicas que porá en marcha a entidade que dirixe, “por nós mesmos ou en colaboración co Concello, co que mantemos a máis próxima, leal e frutífera das relacións”, asegurou.

**Fernando Botero levará a Vigo, unha vez máis, á actualidade cultural internacional**

Dentro do grupo de actividades culturais que a entidade financeira desenvolve en colaboración coa alcaldía viguesa, o director xeral de Caixa Galicia destacou, en primeiro lugar, o Festival Are More, “unha cita extraordinaria organizada polo Concello co noso apoio que sitúa a esta cidade cada ano na vangarda da actualidade musical internacional”.

Tamén en colaboración co Goberno local, a Fundación Caixa Galicia apoiará algunhas actividades coas que o Consistorio quere atender diversas demandas dos seus veciños, como un proxecto que estudará a posibilidade de implantar unha rede ‘wifi’ municipal ou un programa de promoción de estudo do inglés nos centros educativos de Vigo, entre outros.

En total, e só no apartado cultural do convenio asinado, a Fundación Caixa Galicia achegará directamente uns 300.000 euros ao Concello de Vigo, que será o encargado de empregar esta achega en diferentes actividades, de acordo co texto asinado.

Outros 600.000 euros investiranse directamente por Caixa Galicia en actividades de produción e execución da súa Fundación, co que se alcanza a cifra dos 900.000 euros dedicados exclusivamente ao fomento da cultura.

Neste último punto, o director xeral de Caixa Galicia anunciou a chegada a Vigo, a finais deste ano 2008, dunha gran exposición do colombiano Fernando Botero, un dos artistas máis destacados e influentes da arte internacional que levará a esta cidade, de novo, á portada da actualidade cultural.

Porque Vigo acollerá a primeira gran retrospectiva dedicada a este célebre e controvertido pintor, debuxante e escultor colombiano en España, nunha exposición de repercusión internacional que revisará toda a obra de Botero.

Tamén no último tramo do ano, e segundo a información ofrecida, Vigo converterase nunha das sedes do festival internacional de fotografía PHotoGalicia, unha iniciativa da Fundación Caixa Galicia que traerá á cidade os mellores traballos internacionais desta disciplina.

Ao longo dos vindeiros meses, ademais, sucederanse na sede da Fundación Caixa Galicia diferentes propostas, tanto plásticas (exposicións que abarcan dende a arte prehistórica americana ata as creacións dos novos valores galegos), como escénicas (ciclos de lecturas dramatizadas ou cinematográficos) ou musicais (con audicións comentadas ou festivais como “As Nosas Músicas” ou “Vangardas Sonoras”, entre outros).



O director xeral de Caixa Galicia lembrou, tamén, a pronta posta en marcha das obras de reforma do Teatro Fraga, un centro “que multiplicará a nosa presenza nesta cidade, e que transformará a vida cultural e social viguesa”.

### **A Obra Social Caixa Galicia: “a nosa primeira vocación”**

---

Tamén no apartado socioasistencial, o investimento de Caixa Galicia na zona de Vigo diferénciase entre as actividades organizadas polo Concello e que contan co apoio da entidade financeira e aquelas que realiza, directamente, a Obra Social de Caixa Galicia.

No primeiro apartado, o director xeral de Caixa Galicia destacou a renovación do seu apoio á Copa do Mundo de Saltos (con 400.000 euros) ou á promoción dos deportes náuticos (nos que a entidade financeira investirá este ano preto de 230.000 euros, sempre xunto ao Concello), entre outros.

Por outro lado, e segundo a exposición de José Luis Méndez, a Obra Social Caixa Galicia potenciará a través de actividades propias o seu intenso labor noutras áreas clave do tecido social vigués, un capítulo que empregará preto de 900.000 euros.

Así, e en virtude do texto asinado, renóvase o esforzo de Caixa Galicia de cara aos maiores vigueses (este ano destinará 400.000 euros ao Centro Xerontolóxico de Barreiros, espazo no que a entidade investiu máis de nove millóns de euros), no apoio ás entidades sociais locais (uns 300.000 euros destinaranse a ONGs da cidade) ou en educación.

Unha das novidades destacadas no acto dentro deste apartado foi o anuncio da posta en marcha dun proxecto de colaboración entre a Obra Social Caixa Galicia e a Fundación Sales, a entidade que xestiona o xardín botánico deseñado por Francisco de Sales Covelo, para a creación dun programa de educación medio ambiental e dun plan de acceso para persoas con discapacidade.

Neste eido, relativo ao medio ambiente, a entidade anunciou, ademais, a plantación de máis dun milleiro de carballos no termo municipal vigués ao longo do ano, e anunciou novas e importantes iniciativas cos maiores con gran repercusión na cidade.

### **Balance do exercicio anterior**

---

Ao botar a vista atrás, Méndez amosou a súa satisfacción polo resultado dos esforzos feitos pola entidade no ano 2007. Segundo a información ofrecida pola entidade, Caixa Galicia realizou preto de duascenas actividades socioculturais en Vigo ao longo do pasado ano, iniciativas nas que chegaron a participar máis de 150.000 persoas.

No apartado cultural, Méndez quixo destacar a exposición de Tamara de Lempicka (só esta mostra convocou preto de 65.000 visitantes na Casa das Artes) e a presentación do proxecto de remodelación do Teatro Fraga Caixa Galicia, “que nos permitiu constatar a ilusión dos vigueses ante os nosos plans, xa en marcha, nesta cidade”.

**ACTIVIDADES COMPARTIDAS CONCELLO + FUNDACIÓN CAIXA GALICIA**

FESTIVAL ARE MORE  
CONGRESO ECOPRAIAS  
ESTUDO IMPLANTACION REDE WIFI NA CIDADE  
PROGRAMA ESCOLAR DE APRENDIZAXE INGLÉS  
OFICINA DE ASESORAMENTO EMPREENDEDORES  
OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS

**TOTAL INVESTIMENTO**  
**300.000 euros**

**ACTIVIDADES PROPIAS FUNDACIÓN CAIXA GALICIA**

EXPOSICIÓN BOTERO  
EXPOSICIÓN ROSTROS DO FUTBOL  
CICLOS DE CINE  
CICLOS CONFERENCIAS  
CONCERTOS ORFEÓN TERRA A NOSA

**TOTAL INVESTIMENTO**  
**600.000 euros**

**TOTAL INVESTIMENTO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA**

**900.000 euros**

**ACTIVIDADES COMPARTIDAS CONCELLO + OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA**

OPERACION CARBALLO  
VII EDICIÓN COPA DO MUNDO DE SALTOS  
DEPORTES NÁUTICOS

**TOTAL INVESTIMENTO**  
**693.000 euros**

**ACTIVIDADES PROPIAS**

CENTRO XERONTOLÓXICO DE BARREIRO  
AXUDAS PROXECTOS SOCIAIS ENTIDADES VIGO  
EXPOSICION "VIRADEIRAS"  
CENTRO DE MAIORES

**TOTAL INVESTIMENTO**  
**895.000 euros**

**TOTAL OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA**  
**euros**

**1.588.000**

**TOTAL CAIXA GALICIA**

**2.488.000 EUROS**